

BASES DAS RUTAS SENSORIAIS DE MARISQUEO DO PROXECTO AWAVES

As rutas sensoriais de marisqueo do proxecto AWAVES constitúen unha iniciativa da Deputación de Pontevedra orientada á posta en valor do patrimonio marítimo e marisqueiro da provincia mediante experiencias participativas, educativas e sensoriais vinculadas ao marisqueo artesanal.

O programa permitirá achegar á cidadanía ao coñecemento dos oficios tradicionais do mar, ao patrimonio cultural mariñeiro e á importancia da conservación dos ecosistemas costeiros, promovendo ao mesmo tempo un modelo de turismo sostible, responsable e respectuoso co medio mariño.

As actividades poderán desenvolverse en distintos areeiros da provincia de Pontevedra no marco do proxecto europeo AWAVES (Atlantic Waves for Advancing Visionary, Equitable and Sustainable Tourism and Heritage), cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Interreg Atlantic Area 2021-2027.

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

O obxecto das presentes bases reguladoras é regular o procedemento e as condicións de participación nas rutas sensoriais organizadas pola Deputación de Pontevedra no marco do proxecto AWAVES.

Segunda. Orzamento e financiamento

A Deputación de Pontevedra financiará este programa cun importe de cincuenta e cinco mil douscentos catro euros con vinte e seis céntimos (55.204,26 €), con cargo á aplicación orzamentaria 2026/942.4328.227.99 – Traballos realizados por outras empresas, varios (2500005) do Orzamento provincial.

Terceira. Contido do programa

O programa consistirá na realización de rutas sensoriais de marisqueo en distintos areeiros da provincia de Pontevedra, orientadas á interpretación do patrimonio mariñeiro e marisqueiro, á difusión dos saberes tradicionais vinculados ao mar e á sensibilización ambiental sobre a conservación dos ecosistemas mariños.

As actividades desenvolveranse mediante experiencias participativas e interpretativas adaptadas ás características ambientais, culturais e produtivas de cada contorna mariñeira.

Toda a información relativa ás actividades, calendario e inscricións publicarse na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Cuarta. Persoas ás que vai dirixida a actividade

Poderán participar nestas actividades todas aquelas persoas interesadas no patrimonio marítimo e marisqueiro da provincia de Pontevedra.

No caso de participación de menores de idade, estes deberán ir acompañados durante toda a actividade por unha persoa adulta responsable (nai, pai ou titor/a legal).

Quinta. Condicións do programa

- Todas as actividades contempladas no programa serán gratuítas.
- As actividades desenvolveranse entre os meses de agosto e outubro de 2026, podendo adaptarse ás condicións meteorolóxicas, ambientais, organizativas e ás mareas.
- As prazas son nominais, sendo requisito imprescindible a presentación do Documento Nacional de Identidade (DNI) ao comezo de cada actividade.
- Os titores legais das persoas menores de idade que non dispoñan de DNI deberán presentar un documento acreditativo da pertenza á unidade familiar.
- A non presentación do documento identificativo correspondente poderá implicar a imposibilidade de participación na actividade.
- Cada ruta contará cun máximo de vinte e cinco (25) persoas participantes.
- As rutas desenvolveranse cun mínimo de cinco (5) persoas participantes inscritas e confirmadas. No caso de non acadarse este número mínimo, a organización poderá cancelar ou reprogramar a actividade.
- As persoas participantes deberán respectar en todo momento as indicacións do persoal responsable da actividade e cumprir as normas de seguridade establecidas para o desenvolvemento das rutas.
- O punto de encontro e os detalles organizativos de cada ruta comunicaranse exclusivamente ás persoas participantes con praza confirmada.
- Cada persoa só poderá participar unha vez.
- Non estará permitida a participación de persoas que non estean previamente inscritas e confirmadas pola organización.
- A organización poderá modificar itinerarios, horarios ou contidos das actividades cando concorran circunstancias meteorolóxicas, ambientais, organizativas ou vinculadas á actividade marisqueira profesional.

Sexta. Inscripción nas rutas

A participación nas rutas realizarase mediante inscrición previa ata completar o número máximo de prazas dispoñibles para cada ruta.

Todos os períodos de inscrición comezarán ás 9:00 h dos días sinalados para cada unha das rutas, información que poderá consultarse nos medios de difusión habilitados para o programa.

Para tal fin habilitarase un formulario de inscrición no que cada persoa solicitante poderá realizar unha única inscrición e incluír, se así o desexa, ata un máximo de tres (3) persoas acompañantes, sendo catro (4) persoas o límite máximo por solicitude.

O formulario permanecerá aberto ata completar o número máximo de vinte e cinco (25) persoas participantes por ruta. As solicitudes recibidas unha vez cubertas as prazas pasarán automaticamente a formar parte da lista de agarda.

Non se admitirán inscricións por outras vías distintas ás habilitadas para o programa.

Sétima. Confirmación das rutas

A asignación das prazas realizarase por rigoroso orde de inscrición ata completar o número máximo de persoas participantes establecido para cada ruta.

Unha vez pechado o período de inscrición, as persoas admitidas recibirán unha comunicación de confirmación da súa participación por parte da organización, na que se indicarán os detalles básicos da actividade, incluíndo horario, punto de encontro e recomendacións necesarias para o correcto desenvolvemento da experiencia.

As persoas participantes deberán confirmar a súa asistencia dentro do prazo indicado na comunicación remitida pola organización. No caso de non recibir resposta dentro do prazo establecido, entenderase que a persoa renuncia á praza asignada.

No caso de producirse renuncias ou baixas, as vacantes cubriranse coas persoas incluídas na lista de agarda, seguindo igualmente a orde de inscrición.

Non estará permitida a participación de persoas que non estean previamente inscritas e confirmadas pola organización.

Oitava. Cancelación

A Deputación de Pontevedra resérvase o dereito de cancelar, modificar ou aprazar as rutas sen previo aviso por causas de forza maior ou por circunstancias que

poidan afectar á seguridade das persoas participantes ou ao correcto desenvolvemento das rutas.

En particular, poderán producirse modificacións derivadas das condicións meteorolóxicas, mareas, incidencias ambientais, limitacións de acceso aos areeiros ou restricións vinculadas á actividade marisqueira.

As rutas canceladas trasladaranse a outra data segundo dispoñibilidade.

Novena. Publicidade

As presentes bases reguladoras publicaranse na páxina web da Deputación de Pontevedra e nos medios de difusión e comunicación habilitados para o desenvolvemento do programa de rutas sensoriais de marisqueo do proxecto AWAVES.

Décima. Vixencia das bases

As presentes bases manterán a súa vixencia durante o período de execución das rutas incluídas no programa do proxecto AWAVES, correspondentes á anualidade 2026.

Décimo primeira. Protección de datos

Os datos persoais recadados no marco deste programa serán tratados pola Deputación de Pontevedra coa finalidade de xestionar a participación nas actividades e realizar as actuacións administrativas derivadas da organización do programa.

O tratamento dos datos realizarase conforme ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679 (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Documento asinado dixitalmente.